

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Antropoloxía	1º Bac.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introdución

A materia de Antropoloxía debe ofrecer unha introdución tanto á perspectiva holística e interdisciplinar da antropoloxía como unha oportunidade na comprensión crítica da propia cultura desde as ferramentas da disciplina. A materia ofrece unha oportunidade para adquirir perspectivas múltiples sobre a condición humana (filosófica, biolóxica, lingüística, socio-cultural...) ao mesmo tempo que ofrecer os instrumentos para un cuestionamento do etnocentrismo, androcentrismo e eurocentrismo. As ferramentas metodolóxicas propias da disciplina (o traballo de campo, estudo de caso, etc.) serán claves na implicación autónoma e activa do alumnado na súa formación.

A materia, sendo optativa con 4 horas semanais, organzase cunha metodoloxía participativa e cun peso importante da material audiovisual (antropoloxía visual, documentais).

Cobra un peso específico a realización dun traballo de investigación ó longo do curso.

Esta programación se desenvolve nun IES urbano, o IES Otero Pedrayo de Ourense, cun alumnado heteroxéneo. O grupo de 1 de Bacharelato da materia de Antropoloxía está constituido por 19 alumnos e alumnas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar o obxecto de estudio da Antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo.			2		11	1		1
OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía vén facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que poidan constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas, así como confrontándoas coas achegadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e para darlo ao mundo.	1-2		2	1	40	3		1
OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou as diferenzas entre individuos e grupos humanos.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-4		1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, á cultura e á interacción co ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-3-4		1
OBX5 - Entender o ser humano como animal social e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropolóxico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropolóxicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construcción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas.	1-2-5	3	2-4	1-2	40	1-2-3		1
OBX6 - Analizar a importancia da producción cultural, tanto material como inmaterial, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre ela.	1-2-3	3	2-4	1-2	31-40	1-2-3	3	1-2

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	MONOS E HOMINIZACIÓN	MONOS E CULTURA, HOMINIZACIÓN	5	10	X		
2	SEXUALIDADE, PARENTESCO E INCESTO	SEXUALIDADE, PARENTESCO, PROHIBICIÓN DO INCESTO	5	6	X		
3	HUMANIZACIÓN. AS CULTURAS HUMANAS	HUMANIZACIÓN. CULTURA MATERIAL E INMATERIAL. ENDOCULTURACIÓN. LINGUAJE. ARTE.	5	10	X		
4	MAXIA	MAXIA	5	10		X	
5	ANTROPOLOXÍA SOCIAL OU CULTURAL. ESCOLAS	ANTROPOLOXÍA SOCIAL OU CULTURAL, OBXECTO E MÉTODO, ESCOLAS ANTROPOLÓXICAS 1	10	24	X	X	

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	RELIXIÓN	RELIXIÓN	5	10		X	
7	ANTROPOLOXÍA DE GALICIA	ANTROPOLOXÍA DE GALICIA	5	20		X	
8	ANTROPOLOXÍA FILOSÓFICA	ANTROPOLOXÍA FILOSÓFICA	5	10			X
9	SOCIOLOXÍA	SOCIEDADE, ESTRUTURA. SOCIOLOXÍA	5	10			X
10	TRABALLO E LECTURAS	LECTURA 1, LECTURA 2 E TRABALLO	50	30	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	MONOS E HOMINIZACIÓN	10

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas.	Os rudimentos das culturas dos chimpancés e da socialidade dos bonobos. Fixismo. Evolucionismo lamarckiano, darwiniano e neodarwiniano. Concepto de hominización. O proceso de hominización (cambios anatómicos)	PE	100
CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándolas como enriquecedoras.	Diversidade vs xerarquía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución humana: o proceso de hominización.</li> <li>- A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo.</li> <li>- A árbore filoxenética.</li> <li>- A diversidade biolóxica das poboacións humanas.</li> <li>- O papel da herdanza, a cultura e o ambiente nela.</li> <li>- Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	SEXUALIDADE, PARENTESCO E INCESTO	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Conceptos de humanización e cultuta e relación da prohibición do incesto coa esfera do cultural	PE	100
CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo.	Noción e categorías de parentesco, noción de incesto, prohibición cultural do incesto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de humanización.</li> <li>- O papel das mulleres na humanización.</li> <li>- A diversidade cultural.</li> <li>- A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero.</li> <li>- Antropoloxía do parentesco.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	HUMANIZACIÓN. AS CULTURAS HUMANAS	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Nocións de humanización, cultura, cultura material, cultura inmaterial, endoculturación, etnocentrismo, capacidade e conduta simbólicas, linguaxe	PE	100
CA4.1 - Definir o ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais e comprendendo a noción de rol social e cultural.	Noción de socialización, axentes de socialización, noción de rol social		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic.	Noción de socialización, axentes de socialización, noción de rol social, etnocentrismo e relativismo cultural desde o particularismo histórico		
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Etnocentrismo e relativismo cultural, multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de humanización.</li> <li>- A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto.</li> <li>- O papel das mulleres na humanización.</li> <li>- Definición de cultura e endoculturación.</li> <li>- A construcción social da cultura.</li> <li>- Culturas tradicionais e culturas globalizadas.</li> <li>- A produción cultural material e inmaterial.</li> <li>- O hábitat.</li> <li>- Os costumes e tradicións.</li> <li>- As manifestacións culturais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	MAXIA	10

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Maxia simpatética, tabús e encantamentos, chamanismo	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A diversidade cultural.</li> </ul>

## Contidos

- A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero.
- Antropoloxía do parentesco.

UD	Título da UD	Duración
5	ANTROPOLOXÍA SOCIAL OU CULTURAL. ESCOLAS	24

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudio da Antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.	Antropoloxía física, antropoloxía filosófica e antropoloxía social ou cultural, observación participante, traballo de campo, etic e emic. Evolucionismo, particularismo histórico, funcionalismo, estruturalismo, cultura e personalidade		
CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudio das ramas da Antropoloxía.	Culturas	PE	100
CA1.3 - Diferenciar a Antropoloxía doutros saberes.	Antropoloxía física, antropoloxía filosófica e antropoloxía social ou cultural. Socioloxía, economía, psicoloxía.		
CA4.1 - Definir o ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais e comprendendo a noción de rol social e cultural.	Relativismo cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

## Contidos

- A Antropoloxía.
- Definición.
- Obxecto.
- Fins.
- Método e técnicas dos estudos antropológicos.
- Ramas da antropoloxía.
- Antropoloxía física.
- Antropoloxía sociocultural.
- Antropoloxía filosófica.
- A Antropoloxía e a súa relación con outros saberes.
- A Antropoloxía sociocultural.

## Contidos

- Os métodos de investigación.
- As escolas antropolóxicas.
- O ser humano como animal social.
- O rol social e cultural.
- A dimensión social e cultural da linguaxe.
- As diferenzas sociais.
- Definición de cultura e endoculturación.
- A construcción social da cultura.
- Culturas tradicionais e culturas globalizadas.
- A diversidade cultural.
- Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic.
- Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.
- Os universais culturais.
- A producción cultural material e inmaterial.
- O hábitat.
- Os costumes e tradicións.
- As manifestacións culturais.

UD	Título da UD	Duración
6	RELIXIÓN	10

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Mito, rito, ritos de paso, símbolos, religión, teoría durkheimiana da religión	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

## Contidos

- A diversidade cultural.
- Os universais culturais.

### Contidos

- A produción cultural material e inmaterial.
- As manifestacións culturais.
- Antropoloxía do parentesco.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	ANTROPOLOXÍA DE GALICIA	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Etnocentrismo, tradición e globalización		
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Estrutura fundiaria do agro galego tradicional, casa e parroquia, manda e partixas, cultivos e animais principais, axudas, relixiosidade popular galega, a maxia, terapeutas tradicionais	PE	100
CA4.6 - Reflexionar sobre os aspectos propios da cultura e da sociedade galega, desenvolvendo un traballo de campo, desde os puntos de vista etnográfico ou etnolóxico.	Estrutura fundiaria do agro galego tradicional, casa e parroquia, manda e partixas, cultivos e animais principais, axudas, relixiosidade popular galega, a maxia, terapeutas tradicionais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	ANTROPOLOXÍA FILOSÓFICA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar o papel da Antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación.	Antropoloxía filosófica		
CA2.2 - Reflexionar sobre a situación da filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da Antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da Antropoloxía fisicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica.	Relación coa Antropoloxía Social	PE	100
CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradicións non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía.	Antropoloxía filosófica platónica, aristotélica, agustiniana, cartesiana, materialista, e á luz de "O segundo sexo".		
CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos achegados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía.	Antropoloxía filosófica platónica, aristotélica, agustiniana, cartesiana, materialista, e á luz de "O segundo sexo".		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.</li> <li>- A posición ontolóxica do ser humano.</li> <li>- As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.</li> <li>- A Antropoloxía filosófica na era da Antropoloxía fisicobiolóxica e da Antropoloxía sociocultural.</li> <li>- A idea da natureza humana na tradición filosófica.</li> <li>- O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais.</li> <li>- Na Filosofía antiga.</li> <li>- No Medievo.</li> <li>- Do Renacemento á Ilustración.</li> <li>- Desde o século XIX.</li> <li>- A busca da especificidade humana.</li> <li>- Autoconsciencia e consciencia da finitude.</li> </ul>

### Contidos

- A linguaxe e o simbolismo.
- A praxe en liberdade.
- As paixóns e os afectos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	SOCIOLOXÍA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic.	Noción de sociedade, sistema social, socialización e axentes de socialización, rol social	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- O ser humano como animal social.
- O rol social e cultural.
- A dimensión social e cultural da linguaxe.
- As diferenzas sociais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	TRABALLO E LECTURAS	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Redactar informes de lectura de dous libros e presentar ante os compañeiros oralmente dito informe. Planificar e realizar un traballo de investigación antropolóxica, redactar un escrito no que se recolla o mesmo e os seus resultados, e presentar a investigación aos compañeiros.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- A diversidade cultural.
- Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.
- Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía.

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

A materia de antropoloxía ten un carácter práctico, holístico, interdisciplinar e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina (teóricas e metodolóxicas) se busca contribuir a unha comprensión holista e interdisciplinar na compresión da cultura propia do alumnado. Crítica porque estas ferramentas permiten a comprensión crítica (deconstrutiva) do etnocentrismo, o androcentrismo, o racismo, o eurocentrismo...

As metodoloxías concretas empregadas nesta materia se orientan a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
  - Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
  - Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
  - Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
  - Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
  - Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións antropolóxicas sometidas a elaboración, análise ou debate
  - Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instruccións de traballo, resultados materiais e formais, etc.
- Na avaliación continua da materia se utilizaran unha amplia e diversa variedade de instrumentos: exames para comprobar a adquisición da cultura antropolóxica asociada ás UD, lectura de libros (en concreto dous, un na primeira avaliación e outro na segunda) e un traballo de curso.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Libros
Aula virtual da materia
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Documentais antropolóxicos

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. Os apuntamentos do profesorado servirán de base ao traballo da materia; incluirán materiais de lectura que se utilizaran para afianzar conceptos, ofrecer exemplos concretos e ver literatura antropolóxica e filosófica. Na aula virtual se terán a maioría dos materiais como repositorio ou biblioteca da materia. Os documentais serán un piar no desenvolvemento da materia pola súa capacidade inmersiva e para trasladar contidos antropolóxicos dun xeito altamente eficaz. Na biblioteca do centro e no departamento se escollerán os libros

de lectura, con independencia de que algún alumno desexe adquirir o seu libro de lectura nunha librería.

## **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Proba escrita tras o visionado dunha curta de contido etnográfico que consistirá en cuestións concretas sobre o observado no audiovisual e un breve comentario crítico para determinar tanto a comprensión da diversidade cultural, a expresión escrita e o grao de familiaridade cos conceptos antropolóxicos. Esta proba servirános para determinar o nivel de profundización que se pode proxectar na programación de cara a traballar de xeito significativo co alumnado, e ao mesmo tempo sérvenos para determinar calquera tipo de necesidade de aprendizaxe que necesitemos localizar de cara a desenvolver a materia durante o curso.

## **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>UD 7</b>	<b>UD 8</b>	<b>UD 9</b>	<b>UD 10</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>50</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	0
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	100

<b>Unidade didáctica</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>50</b>

### **Criterios de cualificación:**

- As probas de avaliación da cultura antropolóxica sociada ás 9 primeiras unidades suporá o 50 % da cualificación global.
- As lecturas de libros e o traballo de curso suporán o 50% da cualificación global.

### **Criterios de recuperación:**

Só a partir das 75 décimas se transforma a nota obtida en cada avaliacion (parte práctica+parte teórica) e no curso no numero enteiro seguinte.

Nos exames e traballos para entregar descontarase nota a partir de 10 faltas de ortografía: 0'05 puntos ata un máximo do 20% da nota do exame.

A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacions tendo en conta que o cálculo da media do curso farase coa nota real (coas décimas obtidas polo alumnado) e non a partir dos números enteiros dos boletíns concretados a partir das devanditas notas con decimais.

Un alumno que, chegado xuño, tena unha ou dúas avaliacions suspensas cun 3 ou mais, pode aprobar directamente na avaliacion ordinaria sempre que a media das tres avaliacions supere os 5 puntos. Poren, un alumno que, chegado

xuño, teña algunha avaliacion con menos dun 3, deberá recuperar esa avaliación. Non se fará media se nalgúnha avaliacion o alumno non chegase a 3 puntos; en tal caso, deberá recuperar a avaliacion e obter 3 ou mais de 3 puntos na mesma para poder facer media coas outras avaliacion.

Un alumno que, chegada a convocatoria ordinaria de xuño, non acade o aprobado coa media das tres avaliacion, poderá facer a recuperacion das avaliacion suspensas. Se áinda así, coas notas obtidas nesas recuperacións a media non lle dá, a materia quedará suspensa.

Haberá unha avaliacion extraordinaria nas datas previstas para a mesma.

Copiar na proba de control escrita é motivo de retirada de exame e falta disciplinaria (leve). Igualmente cabe indicar que se o profesor ou profesora da materia tivese dúbidas razonables acerca da lícitude dos medios empregados por algun alumno ou alumna para obter unha determinada cualificación nun exame, podera esixirlle no prazo dunha semana desde a entrega dos exames corrixidos, que se someta a unha defensa oral da materia correspondente ao mesmo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

Faranse dous exames parciais ó longo do curso nos que o alumnado se examinará da parte teórica da materia (cun peso do 50% da nota). A parte práctica avaliarase coa lectura dun texto antropolóxico proposto polo departamento e a súa exposición conforme ás indicacións específicas que se lle fagan en relación ao mesmo (preferentemente oral); esta parte terá un peso do 50%.

No caso de non superar as probas o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da lingüaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por

descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de Borrador actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliação promoverase o uso de instrumentos de avaliação variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacionés de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliação se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - Fomento do espíritu crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X					
ET.7 - Creatividade								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		
ET.4 - Fomento do espíritu crítico e científico	X	X

	UD 9	UD 10
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero		
ET.7 - Creatividade		X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla	O coñecemento dun mesmo		X	

### Observacións:

O departamento está aberto a propor algúna actividade que se oferte ó longo do curso por parte do concello ou por outras instancias sempre e cando teña relación cos contidos da materia, pero non propón de partida ningunha actividade complementaria. En concreto, pretendemos repetir a charla sobre o autocoñecemento do docente da Universidade de Vigo Abraham Rubin, a cal depende da súa oferta pola UVigo, e os alumnos de Antropoloxía serían parte dos destinatarios da mesma. Descoñecemos, no caso de que a charla se oferte, as datas de impartición

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Axuste entre o previsto e o realizado
Metodoloxía empregada
Axuste entre a metodoloxía e os resultados obtidos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Bo funcionamento das clases
Medidas de atención á diversidade
Eficacia das medidas
Clima de traballo na aula
Bo clima

#### **Descripción:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

#### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento a través da aplicación Proens das avaliacións. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento así como nos departamentos de coordinación do bacharelato do instituto.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións prevista por UD foron as suficientes e indicar o grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
2. Propostas de mellora

#### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introdución

Esta programación está elaborada para catro grupos de 3º E.S.O dun instituto do centro da cidade (I.E.S OTERO PEDRAYO) de Ourense, situado no casco antigo e cun un nivel socio-económico e cultural medio-baixo. O número total de discentes é 75.

Las ratios son las siguientes:

No grupo de de 3º A: 24

En el grupo de 3º B: 24

No grupo de 3º que aúna C e D: 27

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando críticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, reconéscendo e valorando as emocións e os sentimientos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demás e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### Descripción:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Autoconocimiento.	Indagar na natureza humana. Resposta a pregunta : quen son eu?. A autoestima. Emocións e sentimientos. Redes e riscos dixitais.	20	6	X		
2	Autonomía moral.	Valorar e comprender a importancia das seguintes cuestións: -Pensar antes de actuar. -A toma de decisións. -As conductas adictivas. -A moral e os valores. -As diferentes éticas. -O individuo e a sociedade.	16	6	X		
